

# Cacheiras Merece Máis!

## Cacheiras

### O que urxe facer...

*O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, é unha causa importante do freo ao progreso integral de Teo.*

***Ante isto, desde o BNG queremos implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade. Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.***

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.



Roi Álvarez                      Eloi Devesa,                      Manuel Rodiño,  
Sofía Rama                      Almudena Taboada                      Óscar Pérez

Candidatos e candidatas de Cacheira con Eloi Devesa (Candidato á Alcaldía)

## Porque Teo merece máis, en Cacheiras...

▶ Prestaremos especial atención á seguridade viaria, alongando as beirarrúas de Ribeira-Raxó a Noenlles-Procetas, de Raxó e Feros á Torre e de Augas Mansas a Vilar de Calo. Tamén negociaremos coa Xunta o acondicionamento e humanización da estrada principal, para adaptala ás necesidades dun espazo urbano e seguro; e procuraremos unha vía alternativa para facer deporte, así como espazos para aparcadoiros.

▶ Investiremos no arranxo da pista de entrada á Barcia, na eliminación das fochancas na Urbanización San Sadurniño e na contorna do Travesía de Montouto. Tamén investiremos no asfaltado da pista que vai de Tras do Eixo á Torre, na que vai desde a autovía de Tras do Eixo a Procetas e na que vai por diante do cemiterio cara Augas Mansas.

▶ Promoveremos a recuperación do trazado orixinal (Penelas, Covas, Os Tilos) do transporte público e esixiremos a ampliación de horarios a Monbus. Ademais solicitaremos unha aplicación que sinala a ruta e a frecuencia do autobús.

▶ Investiremos na conservación de espazos públicos como o antigo campo da festa de Cacheiras, que pode reconverterse para usos múltiples; como a área recreativa da Torre,

# Máis Concellos BNG!



promovendo a instalación dun miradoiro enriba da casa común. Ademais investiremos en mobiliario urbano, especialmente na zona da Travesía de Montouto, así como na limpeza da zona dos contedores de lixo situados á carón da zona industrial de San Sadurniño (Montouto)

- ▶ Promoveremos a mellora do servizo eléctrico para evitar apagóns e dotaremos de iluminación a zona da farmacia.
- ▶ Promoveremos o acondicionamento dos núcleos de Requián e Noenlles e o saneamento en todos os lugares.
- ▶ Demandaremos a habilitación dun local social ou casa común para as persoas maiores; dunha aula de estudos e de espazos para a mocidade, como un skatepark; así como un espazo para os animais de compañía.
- ▶ Promoveremos un proxecto para a rehabilitación do muíño da Ribeira e o acondicionamento de rutas para o paseo e a práctica de deporte.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante** para que **Cacheiras avance** con Teo.



UN  
NOVO TEO

PARROQUIA  
A PARROQUIA

CACHEIRAS